



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO  
XUNTANZA ORDINARIA 25 DE OUTUBRO DE 2016.**

**ORDE DO DÍA**

- 1.- Aprobación acta sesión anterior do 22/03/2016.
- 2.- Dar conta das actuacións dos Orzamentos Participativos 2016.
- 3.- Rogos e Preguntas.

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e vinteoito minutos, do día vintecinco de outubro de dous mil dezaseis, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PSdeG-PSOE en substitución de Noemí Durán Couñago
- Jose Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
  
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- M<sup>a</sup> Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
  
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- \* Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Jose Manuel Campelos Mariño, representante das comunidades de augas

Comparece a esta reunión do Consello, a Concelleira de Urbanismo, Benestar Social e Montes, Dona M<sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva.

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María Jose Barciela Barros, e asistidos/as de min, Miguel Angel Míguez Novelle, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

**1.- Aprobación acta sesión anterior do 22/03/2016.**

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial ordinario celebrado en data 22.03.2016.



## CONCELLO DE REDONDELA

Non existindo rectificacións a acta queda aprobada pola maioría dos asistentes coa abstención do representante do PSdeG-PSOE (Leonardo Cabaleiro Couñago) e do representante do BNG (Anxo Lusquiños López), que non asistirán a dita sesión.

\* Antes de seguir co orden da sesión, a Presidente concédelle a palabra a Concelleira de Urbanismo (M<sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva) para dar explicacións do estado de tramitación do PXOM e outros temas en relación cunha solicitude manuscrita en posesión da Presidenta, do cal non se ten constancia da súa entrada polo Rexistro municipal do Concello.

A Concelleira de urbanismo da conta do estado de tramitación do PXOM, explicando que coa entrada en vigor da nova Lei do Solo da Xunta de Galicia 2/2016, tense que adaptar a tramitación que se leva do PXOM actual a dita Lei e ó regulamento que a desenrole, requirindo entre outras cousas unha documentación do impacto ambiental máis detallado e definido.

Levando a Pleno por este motivo a modificación do contrato coa empresa adxudicataria e o seu equipo redactor, adiantando fases xa recollidas no contrato asinado con anterioridade, para realizalas coa antelación necesaria para así adaptalo a nova Lei do solo. Xa que polas peculiaridades do noso Concello aféctanlle afeccións de todo tipo: Costas, aeroporto, Ferrocarril, Ave, polo tanto, tendo que constar informes sectoriais de cada un deses ámbitos, polo cal dilata máis todo o tramite de redacción do PXOM.

Afirmando que polo tanto non existe parón algún nos traballos do actual PXOM, senón que polo contrario xa existen fases bastante adiantadas, e levándose coa maior transparencia. Indicando que como a poboación do municipio non crece, non pode incrementarse solo edificable segundo a formula que marca a Lei

O representante de AER, indica que si se parou a tramitación, e que non se van a cumprir os prazos.

A concelleira de urbanismo aclara que o contrato de redacción PXOM dura ata o ano 2019 e que a idea e rematalo dentro dese prazo, e indica que se están anticipando envíos de documentación sobre o informe de impacto ambiental.

O representante do PSdeG-PSOE di que coincide co comentado anteriormente polo representante de AER e que se parou a tramitación, e que xa se avisou no momento de asinalo contrato, que se sabia que iba a cambiar a Lei do Solo.

A Concelleira de urbanismo indica que a documentación xa enviada adiantouse a saída do Regulamento que desenrole dita Lei, pendente de saír por parte da Xunta de Galicia.

A concelleira de Urbanismo tamén informa do estado posibles obras de instalación céspede artificial no campo de fútbol da Gándara, indica que unha vez que se remataron as obras das instalacións deportivas de santa Mariña en



## CONCELLO DE REDONDELA

Redondela o Alcalde presentou unha moción na Deputación Provincial para solicitar a realización destas obras, coa sorpresa do voto contrario a esta moción da representante local do PSdeG-PSOE na Deputación (Digna Rivas); tamén di que nesa sesión da deputación asistiron representantes de clubs deportivos da parroquia do Viso e o presidente do C.D.Cesantes.

Leonardo Cabaleiro Couñago (representante do PSdeG-PSOE) di que esta información é mentira e explica que o grupo provincial do PSdeG-PSOE presentou unha enmenda a dita moción presentada polo Alcalde.

Entrase en discusión en relación con este tema, e tamén indica o representante do PSdeG-PSOE que o PP presidiu a Deputación Provincial durante anos e o anterior presidente da mesma non deixou ningún compromiso en relación a dita inversión.

Jose Bernardo Crespo Abal (Rpte. de AER) recorda as promesas do anterior Presidente do Consello parroquial e que non se entre nunha guerra para dirimir quen ten razón neste tema. Recorda que co cambio de presidencia no Consello parroquial, a actual Presidenta sempre dixo que non existía ningún compromiso neste sentido, como tamén pasou co tema do arranxo da estrada provincial e prohibición do tráfico pesado pola mesma.

Manuel Freire Collazo recorda neste tema, que no Concello de Soutomaior existe unha sinal de prohibición de circulación de tráfico pesado, e porque non existe sinal igual no lado da parroquia do Viso desa mesma estrada dentro deste termo municipal.

A Presidenta di que desde Deputación Provincial insiste en quitar ditas sinal, porque esta existe da época da obras do Ave por esta Estrada.

Soledad Vidal Dasilva informa de varias situacións sufridas con motivo da circulación de este tipo de vehículos pesados, chegando a provocar avarías na estrada e na traída de augas da zona.

Manuel Freire Collazo recorda a petición de arranxo da pista de fútbol da zona da Gándara.

Anxo Lusquiños López (Rpte. do BNG) recorda conversas anteriores neste Consello parroquia con respecto o tema do campo de fútbol e igualmente reitera se coloque a unha rede no fondo campo fútbol da zona da Gándara. Tamén recorda que o tema do tráfico pesado xa comezou a tratarse no ano 2012, e pasados os anos seguimos igual.

Soledad Vidal Dasilva di que se informou en Soutomaior da colocación de ditas sinais prohibición tráfico pesado no termo municipal de Soutomaior, tamén recorda que se ten avisado a D.X. Tráfico en varias ocasións e que incluso se ten multado a varios camións, a maioría portugueses.

M<sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva (Concelleira de urbanismo e montes) recorda as actuacións levadas a cabo no campo de fútbol da Gándara nos tempos de Louzan (anterior Pte. Deputación provincial) como arranxo vestiarios e explicar o terreo de xogo. Incide que coa nova Deputación os



## CONCELLO DE REDONDELA

cartos van para os Concellos grandes e non para os pequenos. Tamén recorda que para a realización das obras do complexo deportivo de Santa Mariña, non se retirou crédito destinado a outras inversións como saneamentos ou pavimentacións.

Jose Bernardo Crespo Abal (Rpte. de AER) di que se esta entrando en teman que non deberían tratarse nun Consello Parroquial, senón do Pleno do Concello ou no Pleno de Deputación Provincial.

M<sup>a</sup> Jose Acevedo Santoro parécelle correcto que se informe destes temas sempre que esten relacionados coa parroquia do Viso, neste Consello Parroquial.

M<sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva (Concelleira de urbanismo e montes) informa que si vai realizar a redacción do proxecto dese investimento no campo de fútbol, pero que se intentará buscar a financiación cos cartos doutras administracións.

Manuel Freire Collazo di que quere entender que a concelleira se compromete a realización desta obra, pregunta.

M<sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva (Concelleira de urbanismo e montes) recorda que en nome do Alcalde se compromete a realización desta actuación no campo de fútbol da Gándara, do Viso.

M<sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva (Concelleira de urbanismo e montes) tamén informa que o proxecto da A-57 esta parado, e que o Ministerio de Fomento non remitiu ningún escrito neste sentido.

Manuel Freire Collazo di que xa oíu que se están cortando piñeiros para a realización desta actuación, e pide por parte do Concello un compromiso de que non se esta realizando ningunha actuación en este sentido.

Tanto M<sup>a</sup> Jose Acevedo Santoro como Manuel Freire Collazo din que mosquea que os incendios forestais deste verán case coincidan co posible traxecto deste investimento, casualmente.

Sendo as 21:05 retirase M<sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva (Concelleira de urbanismo e montes), continuando co resto do orden do día.

### **2.- Dar conta das actuacións dos Orzamentos Participativos 2016.**

A Presidenta recorda como esta o estado de execución das actuacións dos orzamentos participativos acordadas para este exercicio

a) A Presidenta recorda (ante a ausencia do representantes de Soutexuste) que a “Canalización augas en Soutexuste, na zona Cmño.Moreira-Tomada” vai a desaugar a unha poza de regantes, e que ela xa



## CONCELLO DE REDONDELA

advertiu que iso non era o máis correcto e que pode causar nun futuro problemas de desaugue, pero que foi o que se acordou.

b) E que en breve se comezará coas obras de Canalización augas no Camiño do Castro, Saramagoso

### **3.- Rogos e Preguntas.**

Tamén recorda a Presidenta outras actuación levadas a cabo: como que xa se rematou o muro caído no camiño carreteira. Recorda a petición de asfaltado do Cmño. do Souto de Padron, pero que dito camiño non ten a suficiente consistencia como para meter maquinaria pesada, recorda que o Concello solo asfalta cos seus propios medios camiños de pequeno tamaño. Tamén recorda que xa esta redactado o proxecto de asfaltado en Saramagoso.

A Presidenta tamén informa do tema da substitución de placas de camiños en mal estado, que se esta procurando reciclar o maior número posible en función do seu mal estado. Pero que este traballo (ante a súa magnitude) farase parroquia por parroquia, priorizando primeiro as zonas máis habitadas a das placas de zonas de camiños rurais.

A presidenta que se están preparando os soportes para contenedores no cruce da Nogueiriña. Tamén informa que solicitou algún orzamento para tratar os problemas de filtracións neste local do antigo Preescolar do Viso (para o encitado da fachada), pero que este se sube a máis de 10.000 euros.

Con respecto a realización de ludoteca de Nadal, que este dependerá do número de nenos solicitantes e esta pendente de estudo por parte Concillería de igualdade, que é quen leva programa conciliación.

Manuel Freire Collazo di que si se podería meter en futuros participativos a construción dun muro para ampliación do parque infantil da Nogueira.

A Presidenta informa neste sentido que para facer esta obra, primeiro tense que ceder os terreos o Concello e despois decidir que tipo de actuación se quere facer.

Leonardo Cabaleiro Couñago (Rpte.do PSdeG-PSOE) pregunta porque esta actuación non se fai por gasto corrente, sen ter que recorrer os orzamentos participativos.

M<sup>a</sup> Jose Acevedo Santoro di que é un parque moi concorrido e que se acerca xente de toda a parroquia.

Manuel Freire Collazo dí que non habería problema en ceder dito terreo a condición de que se faga dita inversión.



## CONCELLO DE REDONDELA

Leonardo Cabaleiro Couñago (Rpte. do PSdeG-PSOE) recorda que de momento non existe orzamento do concello aprobado para o ano 2017 e que pasaría co 1% destinado os Orzamentos participativos si non se aproban.

A Presidenta recorda que moitas actuacións realizadas na parroquia se fan con cargo a gasto corrente, sen ter que recorrer os Orzamentos participativos, e que ele nunca interveu na elección das actuacións que se seleccionan cada ano dentro dos orzamentos participativos.

Sendo as 21:30 horas presentase Fernando Veiga Estevez, representante das comunidades de montes.

Jose Bernardo Crespo Abal (Rpte. de AER) recorda que nos seus inicios a idea dos orzamentos participativos era que foran do 20% do orzamento e que finalmente quedaron en un 1%, e así están dende o ano 2013. Tamén recorda que os Orzamentos participativos non solo deberían destinarse a asfalto e cemento, e que esta pendente de aprobación un regulamento que os desenrole para destinalos a outro tipo de actuacións, como gastos social ou outros.

Se acorda instar o ministerio de Fomento a que limpe os terreos da súa propiedade (tamén das vallas do AVE para afora), Leonardo Cabaleiro Couñago (PsdeG-PSOE) di que se lles reclame por escrito.

A Presidenta informa que estes son terreos pendentes de cesión ó Concello.

Soledad Vidal Dasilva solicita unha sinalización de ceda o paso para o cruce estrada de San Martiño de Ventosela o Camiño campo fútbol da Gándara, porque non existe ningún tipo de sinalización.

Fernando Veiga Estevez solicita averiguar a titularidade da tira de terreo situada o lado do colexio de Cesantes para realizar unha ampliación do aparcamento.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinteunha horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.

[Aprobada definitivamente en sesión C.Parroquial do 09/02/2017](#)